

O alumnado que solicite a admisión en másteres interuniversitarios nos que permanezan abertos prazos de preinscrición noutra das universidades participantes do SUG, unha vez pechados os prazos na Universidade de Vigo, poderán realizar excepcionalmente a súa solicitude na Universidade de Vigo fóra dos prazos indicados.

I.1.5 Alumnas e alumnos estranxeiros de programas de intercambio

- Os e as estudantes estranxeiras de programas de intercambio terán dereito ao seguimento e certificación daquelas materias que figuren no seu contrato de estudos de intercambio, pero non á obtención do título do máster ou programa de doutoramento no que desenvolvan o seu programa de intercambio

I.2 Formalización da matrícula de continuación de estudos

O alumnado que continua estudos deberá formalizar a matrícula vía telemática nos prazos establecidos no calendario ([anexo I](#)) na dirección de Internet <https://www.uvigo.gal/es/estudiar/gestiones-estudiantes/matriculate/matricula-masteres>.

Así mesmo, deberá presentar a seguinte documentación a través da secretaría virtual, nun prazo máximo de dez días desde o último día de formalización de matrícula establecido no calendario oficial:

- Xustificante da exención de prezos públicos, se fora o caso.

A documentación, poderá presentarse de acordo co disposto no Capítulo III.2

I.2.1 Convocatorias adiantadas

Establécese un procedemento e un calendario para solicitar adianto excepcional de convocatoria para alumnado que desexa rematar estudos de xeito anticipado para másteres que rematan estudos no segundo cuadrimestre (60 e 120 ECTS). Este procedemento non atinxe a estudantes que teñan pendente soamente o TFM, que estarán ao disposto no calendario dos seus respectivos centros.

Cada máster preverá unha convocatoria para a lectura do TFM ao remate do proceso de avaliación das outras materias pendentes, co fin de garantir que o adianto de convocatoria sexa efectivo.

I.2.1.1 Requisitos.

Que teña pendentes ata un máximo de 12 ECTS e para un máximo de 2 materias, asignadas no plan de estudos ao 2º cuadrimestre, excluindo o TFM. No caso de que tamén lle quede algunha/s asignatura/s pendente/s do 1º cuadrimestre o máximo elevarase a 18 ECTS e tres materias, computando as do 1º cuadrimestre, pero excluindo o TFM.

A superación do conxunto das materias para as que se solicita adianto de exame mais o TFM implicará o remate dos estudos precisos para titularse.

I.2.1.2 Procedemento:

I.2.1.2.1 Solicitudes

Presentaranse na área de posgrado no que se xestione o expediente do alumnado. Desde aquí daráselle traslado á Comisión Académica do máster, que valorará a posibilidade do adianto de convocatoria.

I.2.1.2.2 Listas provisionais e reclamacións.

A CAM publicará un listado provisional de materias susceptibles de adiantar e o alumnado autorizado a presentarse a cada unha delas, así como as materias e estudantes non autorizados, motivando as causas da denegación. O alumnado afectado poderá reclamar este acordo.

I.2.1.2.3 Listaxes definitivas e datas de avaliación.

A Comisión Académica publicará as listaxes definitivas, nos mesmos termos cas provisionais, indicando ademais as datas previstas para exame. De dito acordo achegara copia electrónica á correspondente Área Académica de Posgrado para xestionar a implementación das actas correspondentes.

I.2.1.3 Cómputo de convocatorias

O alumnado que non supere materias adiantadas do segundo cuadrimestre, só poderá presentarse aos exames previstos para xullo no calendario escolar para o curso 2021/22, aprobado polo Consello de Goberno do 12 de marzo de 2022.

I.2.1.4 Calendario

| Trámite | Datas límite |
|---------------------------|------------------------------|
| Prazo de solicitudes | 4 de novembro de 2022 |
| Traslado á CAM | 11 de novembro de 2022 |
| Listaxes provisionais | 18 de novembro de 2022 |
| Reclamacións | 2 de decembro de 2022 |
| Listaxes definitivas | 13 de decembro de 2022 |
| Prazo de entrega de actas | Ata o 17 de febreiro de 2023 |

I.3 Formalización de matrícula no segundo cuadrimestre

I.3.1 Inicio de estudos

Establécese un prazo para o segundo cuadrimestre no calendario ([anexo I](#)) para matricularse nos másteres con matrícula a tempo parcial que soliciten expresamente a apertura de dito prazo, **antes do 30 de xaneiro de 2023**, sempre que queden prazas vacantes e en materias que só se imparten no segundo cuadrimestre, exceptuándose as materias que constitúan o proxecto ou Traballo Fin de Máster.